

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Física e Química			2024-2025
	MATERIA	Física e Química		
	CURSO	4º ESO	HORAS SEMANAIS	3

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

Trátase dunha materia de continuidade que ven precedida por Física e Química de 2º e 3º ESO. Nela afóndase en conceptos xa estudados nos cursos anteriores e abórdanse outros conceptos novos que serán precisos para preparar ao alumnado para estudos científicos posteriores. Trátase tamén de acadar unha cultura científica mínima que lle permita ao alumnado interpretar axeitadamente os fenómenos naturais máis relevantes do mundo no cal vive.

CONTIDOS

- A actividade científica. Método científico.

QUÍMICA

- Modelos atómicos. Sistema periódico.
- Formulación e nomenclatura inorgánica.
- Reaccións químicas. Ecuacións químicas e cálculos estequiométricos.
- Concentración molar. Molaridade.
- Formulación e nomenclatura de compostos orgánicos.

FÍSICA

- O movemento. Magnitudes características.
- Movemento rectilíneo uniforme (MRU), uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU).
- As forzas e os seus efectos. Leis de Newton.
- Forzas e presións nos fluídos.
- A enerxía.
Calor, traballo e potencia.

METODOLOXÍA

A metodoloxía baséase no ensino directo na aula, en interacción continua co alumnado, e na realización de actividades de diferente natureza que axuden a fixar unha aprendizaxe significativa. Na medida do posible, e dado o eminente carácter práctico da materia, levarase ao alumnado ao laboratorio para desenvolver diferentes experiencias relacionadas cos contidos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
Probas escritas e/ou orais	80 %
Outros instrumentos de avaliación	20 %
TOTAL AVALIACIÓN	100 %

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA Media aritmética das notas das tres avaliacións.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

A Física e Química de 4º ESO ten un carácter preparatorio para a posterior realización de estudos no bacharelato científico, necesario á súa vez para cursar carreiras de corte científico e tecnolóxico. Tamén pode ser unha boa opción para o alumnado que pretenda acceder a algún ciclo medio de Formación Profesional relacionado coa tecnoloxía.